

Os socialistas pedirán á Xunta que adopte con carácter urgente cantas medidas sexan necesarias para evitar “o derrubamento definitivo” do Pazo de Diamondi

González Santín e Vicente Docasar, acompañados de José Antonio Quiroga e doutros socialistas neste municipio, fixeron este anuncio logo de comprobar “o deficitario” estado no que se atopa este ben cultural, e cuxa cuberta se veu abaixo en 2010; data dende a que “nada se ten feito para reconstruíla”

Dado que a desidida do Goberno galego é “visible e notoria”, e alertados polas numerosas queixas veciñais, pediránlle a Cultura que ordene ao propietario que cumpra “axiña” cos deberes legalmente establecidos, impulsando sen demora o proxecto de rehabilitación, tal e como estipula a vixente Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia

Tendo en conta que a titularidade do mosteiro é do Bispado de Lugo, tamén lle preguntarán ao Goberno galego se fixo algunha xestión para que a Igrexa cumpra coas obrigas dispostas polo artigo 25 da citada normativa

Con esta iniciativa, os socialistas dan continuidade ás reclamacións realizadas con anterioridade por outros colectivos e veciños. É o caso, da asociación cultural “O Sorriso de Daniel” e do grupo municipal do PSOE

O SAVIÑAO, 20 DE XANEIRO DE 2015.- Os deputados autonómicos –Juan Carlos González e Vicente Docasar-, acompañados do voceiro do PSOE no concello de O Saviñao –José Antonio Quiroga- e doutros socialistas neste municipio, anunciaron este martes que, no vindeiro Pleno da Cámara, pedirán ao Goberno galego que adopte con carácter urgente cantas medidas sexan necesarias para evitar “o derrubamento definitivo” do Pazo de Diamondi, pois, dende que o 29 de decembro de 2010 a cuberta se veu abaixo, “nada se ten feito para reconstruíla”. Somentes, precisaron os socialistas, a área destruída foi protexida cunha rede e “malamente sinalizada”.

Dado que a desidida do Goberno galego é “visible e notoria”, e alertados polas numerosas queixas veciñais, os deputados visitaron hoxe esta infraestruturas, co fin de que a administración autonómica “lle dea unha solución”. Concretamente, indicaron Docasar e Santín “pedirémolle a Cultura que ordene ao propietario que cumpra axiña cos deberes legalmente establecidos, impulsando sen demora o proxecto de rehabilitación de tan significativo monumento do patrimonio cultural galego”, tal e como estipula a vixente Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, que establece, no seu artigo 25, que “[...] os propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigados a conservalos, coidalos e protexelos debidamente para asegurar a súa integridade e evitar a súa perda, destrución ou deterioro [...]”.

Trátase, explicou Docasar, de que a Xunta “cumpra o compromiso asumido recentemente nunha visita a este mesmo lugar”. E é que, indicou, o Goberno galego “ten a obriga de facelo”, pois neste ben de interese cultural, segundo figura na relación pública na páxina web da Consellería, tamén se atopa a igrexa do Mosteiro de San Paio, declarada monumento histórico nacional en 1931 por ser unha significada expresión do Románico.

Obrigas do Bispado

Asimesmo, subliñaron que, no marco da proposta que levarán ao Pleno, tamén se inclúe outra pregunta “da que agardamos se nos dea unha resposta e concreta”. Refírense os socialistas a se a administración autonómica esixiu ao Bispado de Lugo que cumpra coas obrigas dispostas polo artigo 25 de dita normativa, se se abriu algún tipo de expediente sancionador ao propietario ante a manifesta situación de abandono do prazo episcopal de Diamondi ou se se tomou algunha medida para intervir na propiedade en defensa do patrimonio cultural dos galegos.

“A pesar de todas as iniciativas, nada se ten feito. A diócese di non ter cartos para acometer a rehabilitación e descoñécese se a Xunta fixo algunha xestión para colaborar con fondos propios ou con fondo estatais ou mesmo privados para levar a cabo unha das obras de conservación que son imprescindibles para que ese monumento non desapareza por desleixo do noso patrimonio cultural”, subraiaron os deputados.

Continuidade

Deste xeito, con esta iniciativa, o Grupo Parlamentario do PSOE pretende dar continuidade ás reclamacións realizadas con anterioridade por outros colectivos e veciños. É o caso, da asociación cultural “O Sorriso de Daniel”, que levou a cabo un concerto para reclamar a rehabilitación da fronte do pazo que ameaza con virse completamente abaixo e do grupo municipal do PSOE, que presentou diversas iniciativas na mesma dirección e mesmo chegou a formular a posibilidade de que se construíse nese espazo un albergue de peregrinos por se atopar situado no chamado Camiño Sur.

O Pazo e a súa historia

O Mosteiro de San Paio é propiedade da Igrexa e, por tanto, administrado polo episcopado de Lugo. Malia que o edificio orixinario procede do século X, con posterioridade engadiuse unha torre acaroadada (s. XIII) e, aló polo séculos XV e XVI, ergueuse unha nova construción polo extremo norte. De feito, crese que estes engadidos foron a residencia do bispo Odario de Lugo e Braga, quen a empregou como refuxio nos tempos da invasión sarracena. A consideración desta ampliación como pazo episcopal data de 1.379; ano no que o Rei Juan I confirmou a posesión de Diamondi baixo a titularidade da diócese lucense.